



O Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) en colaboración coa Vicerreitoría de Extensión Cultural da Universidade de Vigo e o Concello de Gondomar organizan unha serie de actividades en conmemoración do Centenario do nacemento de Álvaro Cunqueiro. A primeira delas terá lugar o venres 16 de setembro no Auditorio Municipal Lois Tobío de Gondomar, ás 20:30h. e contará coa presenza de importantes figuras da poesía e da música, así como da representación dunha obra teatral.

Programa

- Recital poético de textos de Álvaro Cunqueiro a cargo da poeta Marta Dacosta e da escritora e especialista na obra de Cunqueiro Rexina Vega, ambas veciñas de Gondomar.
- Un concerto musical baseado en textos de Cunqueiro a cargo do músico e especialista en Cunqueiro, César Morán (guitarra acústica e piano) que estará acompañado polo contrabaixo de Alfonso Morán.
- Representación do prólogo do Incerto señor don Hamlet a cargo do grupo baionés "Non si? Teatro" que dirixe Mónica Sueiro.

Estas actividades son a achega que dende o Val Miñor se fai ás celebracións do Centenario de Cunqueiro impulsadas por distintas institucións culturais e educativas e terá continuidade o venres 23 de setembro coa presentación dun vido sobre Álvaro Cunqueiro dirixido polo profesor da U. Vigo Manuel Forcadela.